




COSTA DE MEAÑO

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018



Distancia: 1,4 km (lineal)
Dificultade: baixa



- 1-Rego do Francón
- 2-Seixiños. Telleira.
- 3-Esteiro do río da Chanca
- 4-Muíño
- 5-Rego Trilleiro

Vista da costa de Meaño. Á esquerda o río Francón e á dereita o río da Chanca.
Detrás a localidade de Dena



O concello de Meaño ten un pequeno tramo de litoral (1,4 km), na parroquia de Dena, que fai parte da Enseada do Umia. Esténdese entre o rego do Francón, compartido co concello de Cambados, e a desembocadura do rego Trilleiro, linde co concello de Sanxenxo. O elemento máis destacado é o río da Chanca e o esteiro da súa desembocadura. Está protexida no LIC/ZEC "Ons-O Grove", e na ZEPA e Humidal RAMSAR "Complexo intermareal Umia-O Grove..."

PERCORRIDO

O litoral pódese percorrer en case toda a lonxitude polo roteiro que vai desde a ponte do río da Chanca ata a telleira de Seixiños.

Accédese desde a primeira rotonda que se atopa na estrada de Dena a Vilalonga.



1-Rego do Francón e costa de Seixiños



2-Seixiños. Antiga fábrica de cerámica e telleira de Noia.



Imaxe da telleira de Noia cando aínda traballaba.

Comezou a traballar na segunda metade do século XIX. Foi de Pedro Velón, de Vilalonga e, desde 1920, de Angel Varela Noya. Na actualidade é propiedade de Juan Noya. Tiña un forno cuberto cunha cheminea e palletes semicirculares. Agora só conserva o forno e a cheminea. Deixou de traballar en 1989.



Río da Chanca: paseo e muíño



3-Esteiro do río da Chanca



4-Rego Trilleiro. Marca o linde con Sanxenxo.



Lavancos no esteiro do río da Chanca